



Concello de Meaño

EXPEDIENTE: 415/2026

ASUNTO: ADXUDICACION DE CONTRATO DE SERVIZO “LUDOCONCILIA MEAÑO NO VERAN: SOMOS IGUAIS – CORRESPONSABILIDADE 2026” MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO.

RESOLUCION DA ALCALDÍA

ANTECEDENTES

1º.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/03/2026 se solicita, ao abeiro da orde do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de política Social e Igualdade do Plan Corresponsables en Galicia dirixido a Entidades Locais, convocatoria para o ano 2026(código de procedemento SI436A), subvención para a actuación “Ludoconcilia Meaño Nadal e Verán: Somos Iguais Corresponsabilidade ” por un importe de 22.541,24 €.

2º.- No DOGA n.º 113, de data 18 de xuño de 2026, publícase a Resolución do 8 de xuño de 2026, da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, pola que se publica a Resolución do 5 de xuño de 2026 que pon fin ao procedemento de concesión das subvencións convocadas mediante a Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Plan Corresponsables en Galicia, dirixido a entidades locais, a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro e a asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedementos SI436A, SI436B e SI436C); concedéndolle unha subvención ao concello de Meaño para a medida “Ludoconcilia Meaño no Nadal e no verán 2026” por importe de 18.032,99 €.

3º.- Consta no expediente informe xurídico de data 01.06.2026, RC Nº 220260003355 na aplicación 2317.2279901 por importe de 35.208,28 €, así como informe de intervención de fiscalización da autorización do gasto.

4º.- Por Resolución da Alcaldía nº 2026-0305, de data 01.06.2026 aprobase o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado abreviado cun orzamento base de licitación de 32.007,53 €, os pregos de cláusulas administrativas particulares e pregos de cláusulas de prescricións técnicas que rexerán a adxudicación, e o gasto por importe total de 35.208,28 €.

5º.- O anuncio de licitación publicouse na plataforma de contratos de Galicia (ID 828219), presentándose as seguintes ofertas a través do sistema de licitación electrónico SILEX da Comunidade Autónoma de Galicia, abertas pola unidade técnica o día 17.06.2026:

Empresa	Data de presentación	Hora
LLORENTE GARCIA JAVIER 003599205C SLNE	15/06/2026	11:57
Nordelaina SLU	15/06/2026	18:59
SILVIA CALVELO RODRIGUEZ	16/06/2026	03:36

Unha vez descargadas as propostas presentadas e comprobada a documentación recollida nas mesmas constátase o seguinte:





Concello de Meaño

- As propostas presentadas por Nordelaina S.L.U. e Llorente García Javier 003599205C S.L.N.E., non se axustan ao recollido no prego de cláusulas administrativas e particulares e no prego de cláusulas técnicas particulares en canto ao contido do servizo e do Proxecto lúdico-educativo.

Tal e como se recolle no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen no procedemento:
“

CLÁUSULA NOVENA. Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa

9.1 Condicións previas

As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha.

.../...

Non se aceptarán, e por tanto serán excluídas, as ofertas que:

- Non acheguen a programación do servizo ou esta non se axuste ao contido mínimo previsto no prego de prescricións técnicas.”

Tal e como establece o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares que rexerá a contratación do servizo, cláusula **6.4- Programación de actividades:**

“Xunto coa oferta deberá aportarse o proxecto lúdico -educativo e a programación diaria e mensual, diferente por grupo de idade, como mínimo tres programas, un por grupo de idade, por exemplo: infantil; 1º, 2º de primaria; 3º, 4º, 5º e 6º de primaria, desglosado segundo o horario que figura no apartado 6º e no que se acredite a realización de todas as actividades que compoñen o servizo”.

A vista do que antecede a unidade técnica acorda inadmitir as propostas presentadas por Nordelaina S.L.U. e Llorente García Javier 003599205C S.L.N.E.

Admitir a proposta formulada por Silvia Calvelo Rodríguez, que se reflexa a continuación:

- SILVIA CALVELO RODRIGUEZ:

1. PREZO OFERTADO:

SEN IVE.	IVE	TOTAL
28.250,00 € (veintiocho mil doscientos cincuenta €)	2.825,00 € (dos mil ochocientos veinticinco)	31.075,00 € (treinta y un mil setenta y cinco)





Concello de Meaño

2. MELLORAS:

2.1 Realización de **2** actividades en lingua inglesa: pola realización de actividades en lingua inglesa cunha duración mínima de catro horas mensuais distribuídas semanalmente (Indicar o número de actividades a realizar) Para a valoración deste criterio deberá quedar sinalado no Anexo II que se oferta e definido e concretado o contido e a distribución horaria semanal no proxecto lúdico-educativo.

2.2. Realización de sesións de contacontos, maxia, música a cargo de profesionais (Indicar n.º actividades):

Mes xullo 1

Mes agosto 1

2.3 **SI** Limpeza das instalacións (Indicar SI ou NON)

Trala apertura das propostas e na mesma sesión, a unidade técnica procede a:

a) Comprobar a documentación presentada pola empresa participante e a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e/ou no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, constatándose que se atopa inscrita e con carácter xeral a documentación se axusta ao esixido no Prego de Cláusula económico-administrativas que rexe nesta contratación.

b) Avaliar e clasificar a oferta:

EMPRESA	OFERTA ECONOMICA	puntuacion OFERTA ECONOMICA- ate 70 pto	mellora 1- actividades en lingua inglesa- ate 8 puntos	mellora 2- actividades extra- ate 8 ptos	Mellora 3- limpeza das instalacions- 14 pto	PUNTUACION TOTAL
SILVIA CALVELO RODRIGUEZ	28.250,00 €	70,00	8	8	14	100,00

Resultando a empresaria Silvia Calvelo Rodríguez proposta para a adxudicación do contrato de servizo de “Ludoconcilia Meaño no Verán: Somos Iguais – Corresponsabilidade 2026”.

Comprobado no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público se a empresaria Silvia Calvelo Rodríguez está constituída, o/a asinante da proposición ten poder para formular a oferta, non se atopa incurso en ningunha prohibición para contratar, constátase que cumpre.

A proposta da empresaria no epígrafe “2.2 Realización de sesións de contacontos, maxia, música a cargo de profesionais”, indica que se levará a cabo unha no mes de xullo e outra en agosto, figurando

RESOLUCION DE ALCALDIA
Número: 2026-0376 Data: 30/06/2026





Concello de Meaño

diversas actividades de dito tipo programadas ao longo dos dous meses polo que deberá aclarar cal das que figuran no proxecto lúdico – formativo serán impartidas por profesionais, dado que no cronograma non se especifica, e se oferta como unha mellora.

A vista do que antecede, en virtude do establecido polo artigo 159.4.4º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a unidade técnica acorda requirir a empresaria proposta, para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío de esta comunicación, presenten a seguinte documentación:

1. Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato. En relación cos medios persoais deberá achegar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos sinalados no apartado “7 PERFIL PROFESIONAL DO EQUIPO TÉCNICO” do “ PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO SERVIZO “ LUDOCONCILIA MEAÑO NO VERÁN: SOMOS IGUAIS-CORRESPONSABILIDADE” VERÁN 2026 DO CONCELLO DE MEAÑO”

2. Póliza de seguro, que deberá de presentar no Concello con anterioridade á formalización do contrato, que cubra todos os riscos posibles que poidesen producirse como consecuencia da prestación do servizo, incluíndo en todo caso os danos que poidan sufrir os bens e instalacións que se utilicen para a realización do proxecto “Ludoconcilia Meaño no verán: Somos Iguais”, e as posibles responsabilidades de todo tipo en que poida incorrer o adxudicatario/a, incluíndo a responsabilidade xeral por danos a terceiros.

En consecuencia o contratista adxudicatario/a deberá dispoñer de pólizas de seguro de responsabilidade civil e de accidentes, que cubra todas as actividades que se desenvolvan no proxecto, tanto para os seus traballadores adscritos á prestación do servizo obxecto de contratación, como para os/as menores participantes, coas seguintes coberturas:

*Seguro de accidentes con cobertura por falecemento, invalidez total, invalidez absoluta, invalidez parcial según baremos e asistencia sanitaria con centros concertados pola compañía ilimitado.

*Seguro de responsabilidade civil cunha contía mínima de 600.000,00 euros e cun sub-límite por vítima de 300.000,00 €.

3. Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa AEAT, Facenda da Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

4. Aclaración de cales das actividades que figuran no proxecto lúdico – formativo son as ofertadas como mellora no epígrafe “2.2. Realización de sesións de contacontos, maxia, música a cargo de profesionais ”

6º.- Con data 28-06-2026 e 29-06/2026, rexistros de entrada n.º 2026-RE-1194 , 2026-E-RE-1195, 2026-E-RE-1200 e 2026-E-RE-1205, a empresaria Silvia Calvelo Rodríguez, presenta a

RESOLUCION DE ALCALDIA
Número: 2026-0376 Data: 30/06/2026

Cod. Validación: 9SG2LSDPKZFSCS6S5GECM5NRK
Corrección: <https://concellodeameano.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5





Concello de Meaño

documentación requerida.

7º.- Consta informe de fiscalización favorable de data 30/06/2026.

A vista do exposto esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Avocar, de xeito singular e para esta solicitude, a competencia como órgano de contratación delegada na Xunta de Goberno Local por resolución de esta Alcaldía de 30/06/2023 (nº2023-0427).

SEGUNDO.- Adxudicar o contrato de servizo denominado “LUDOCONCILIA MEAÑO NO VERAN: SOMOS IGUAIS – CORRESPONSABLES 2026” á empresaria Silvia Calvelo Rodríguez co DNI ***9829**, polo importe de 31.075,00 € .

O contrato executarase segundo o Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares e Prego de Cláusulas de Prescricións Técnicas que rexen nesta contratación e a oferta formulada polo adxudicatario.

TERECEIRO.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación presupostaría 2317.2279901 polo importe de 31.075,00 €.

CUARTO.- Requerir ao adxudicatario para que no prazo máximo de 3 días hábiles seguintes á notificación da adxudicación proceda á formalización do contrato, mediante a sinatura de aceptación da resolución de adxudicación (artigo 159.6.g da LCSP).

QUINTO.- Publicar a adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

SEXTO.- O contrato despregará efectos dende as 0:00 horas do día 1 de xullo de 2026.

SEPTIMO.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local do Concello de Meaño na seguinte sesión que se celebre.

Mandao e asinao a alcaldesa por delegación (Resolución Alcaldía n.º 2026-0347 de 18/06/2026), en Meaño, na data indicada á marxe, do que como secretaria-interventora accidental da corporación dou fé para os exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo

RESOLUCION DE ALCALDIA
Número: 2026-0376 Data: 30/06/2026

Cod. Validación: 9SG2LSPKZFSCS6S5GECM5NRK
Corrección: <https://concellodemeano.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

